

ACTA DA XUNTANZA DA ASESORÍA XURÍDICA REALIZADA EN DÚAS SESIÓNS OS DÍAS 24-04-2007 E 27-04-2007

Coa seguinte proposta de orde do día:

0. Orde do día
1. O.R.A.
2. Cartas incumprimento art. 17 da NOEA
3. Balance anual
4. Varios

0. Orde do día:

Aprobado sen modificacións.

1. O.R.A.:

- No Concello din que coa actual ordenanza, salvo de estar empadronado en Compostela e pagar aquí o imposto de circulación é imposibel conseguir tal tarxeta de estacionamento.
- Propoñemos enviar unha instancia dirixida ao concellal de circulación ou tráfico, ou senón ao Alcalde e entregala no rexistro municipal.
- Esta instancia cremos que debe ser colectiva, e para elo queremos proponerlle os seguintes métodos á Asemblea:
 - Recoller instancias só dende a Asemblea
 - Recollelas co Foro da Mocidade
 - Ou con outras Asembleas (Bioloxía e Educación crítica)

A instancia sería a seguinte:

_____ con D.I. _____

Expón:

Que a actual situación ao respecto do estacionamento no Campus da Universidade de Santiago de Compostela é intolerabel, xa que, os estudantes non poden permitirse este gasto, ademais de non ter sempre a posibilidade de abandonar as actividades lectivas para renovar o ticket de estacionamento. Por isto:

Solicita:

Que se procure chegar a un acordó coa nomeada institución académica, que permita dotar aos estudantes dunha tarxeta de estacionamento de balde durante as horas lectivas.

2. Cartas de incumprimento art. 17 da NOEA:

- Falta por entregarlal a Moldes, xq descoñecemos onde se atopa o seu despacho.
- Debemos recordar por o e-mail da Asemblea en vindeiras cartas.
- Valórase positivamente este tipo de campaña pesa a algunha queixa do profesorado

--- A partir de aquí é na xuntanza do 27-04-2007---

---Decídese incluír un novo punto como 3. Novas acutacións de control dos dereitos dos estudantes---

3. Novas actuacións de control dos dereitos dos estudantes:

- Proponse unha campaña de control do cumprimento das titorías, aínda que non se ve factíbel para este curso, pero propórase na Asemblea para iniciala ao comezo do vindeiro curso.
- Casos flagrantes de incumprimento da lei universitaria a plantexar:
 - O profesor Carro:
 - Acórdase preguntar aos de primeiro para ter a información na vindeira xuntanza por cales son os incumprimentos concretos.
 - É necesario imprimir os Estatutos da U.S.C., o Estatuto do estudantado e outros documentos para poder cumprimentar a reclamación. (encargárase Inhaki para a próxima xuntanza)

4. Balance anual:

- Na Xunta de facultade:

1. Notificación da ausencia dos profesores ás clase con suficiente antelación. Así, cando non vaian acudir consideramos que o deberían avisar por respecto ós alumnos e para un mellor aproveitamento dese tempo, que moitas veces se perde.

Parte do traballo de control da asesoría xurídica.

2. A instalación de mesas nos corredores nas que se podan facer traballos en grupo, coma as que existen noutras facultades,

Campaña de sinaturas para a melloras do material da facultade. (Anexo 1)

3. Solicitud de información sobre as decisións institucionais ós órganos de goberno da universidade, xa que consideramos intolerabel a actual situación de desinformación total que temos os membros da comunidade universitaria sobre as decisións destes.

Cumprimento no referente ao Claustro grazas ás informacións que nos transfiren @s compañeir@s da Asemblea de Bioloxía, e cumprirse na Xunta de Facultade en tanto a Asemblea teña representación, xa que ata hoxe non foi posibel acadar esta información.

4. A asemblea colaborará na xestión e asesorará ós alumnos nas súas queixas diante dos órganos de goberno da facultade, aportando axuda de todo tipo e os coñecementos sobre lei universitaria dos seus membros.

Función principal da asesoría xurídica.

5. Denunciar o reiterado incumprimento da lei universitaria por parte do profesorado. A asemblea comprométese a elevar denuncias ós órganos competentes cando se den situacións deste tipo.

Fución principal da asesoría xurídica, en concreto podemos poñer como exemplo o envío de cartas ao profesorado que incumple estas normas.

6. Intalación de aire acondicionado. Esta é unha necesidade porque durante o verán as altas temperaturas impiden o normal desenvolvemento das actividades académicas, ademais de que este servizo estaba incluído no proxecto do edificio.

Campaña de sinaturas para a melloras do material da facultade.(Anexo 1)

7. Realización de clases prácticas que realmente o sexan. Deberían centrarse en actividades que, nun futuro puideran estar ligadas á política ou ó ámbito laboral onde actúen os politólogos.

[Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas \(Anexo 2\)](#)

8. Non á retirada da quenda da tarde, xa que pode haber persoas que non poidan acudir pola mañá por motivos laborais. Ademais a quenda única limita a calidade das clases pola concentración de tódolos alumnos nunha mesma aula.

[A Asemblea intentou negociar co decanato e cos actuais representantes de alumn@s con este motivo, máis estes impediron o acordo votando a favor desta retirada na Xunta de Facultade tendo como única contrapartida que o fagan só nos primeiros cursos, a sabedos de que eles estudan cursos superiores.](#)

9. Aumento do número de optativas por unha escaseza de elección. Xa que esta é a parte da carreira na que o estudante atópase un pouco máis ceibe para poder elixir o que estuda; esa liberdade debe ser máis real ampliando o número de materias ás que se pode optar a estudar.

[Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas \(Anexo 2\)](#)

10. Que se imparta unha asignatura de SPSS, por ser unha ferramenta indispensable no tratamento de datos.

[Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas \(Anexo 2\)](#)

11. A promoción por parte do centro e da propia asemblea de actividades que propoñan a intervención do alumnado; propostas novas e dinámicas que rompan coa monotonía de xornada de traballo diaria e que chamen a atención do alumno coas que consigan familiarizarse co entorno universitario.

[As actividades realizadas pola Asemblea e polas súas comisións tales como:](#)

- Palestra “Viaxe pola Palestina histórica”. Colectivo Fuga em Rede.
- Fin de ano alternativo.
- “I Curso sobre Asemblearismo”.
- Mesa redonda sobre a ordenanza municipal “antibotellón”.
- Ciclo de cinema político, desenvolvido ao lonfo de todo o curso.
- Xornadas “Mulleres en conflito”.
- Paparota (xantar popular) “Un ano de Asemblea”.
- Mesa redonda sobre o Plano de Boloña.
- ...

12. Mellorar a situación da aula de informática no tocante ós horarios e ós recursos.

[Campaña de sinaturas para a melloras do material da facultade.\(Anexo 1\)](#)

13. Mellorar o local de alumnos ou substitución deste por outro acondicionado con materiais e medios para solucionar as necesidades dos alumnos (ordenadores, arquivos, etc.). Preténdese que este sexa útil para facer traballos, reunións ou para calquera outro uso. Na actualidade este local está compartido polos alumnos de Ciencias Políticas e Relacións Laborais polo que somos partidarios da habilitación dunha das aulas desocupadas.

[Campaña de sinaturas para a melloras do material da facultade.\(Anexo 1\)](#)

14. Actualización da páxina web. Consideramos que esta debería estar actualizada habitualmente e ser un punto de información para os membros da facultade.

[Petición a través do voceiro “Asemblea”.](#)

15. Máis postos de estudo con bibliografía básica. Os postos que hai agora resultan escasos sobre todo nos períodos de exames. Ademais ó carecer dunha certa bibliografía (a meirande parte das outras facultades si que dispoñen dela) normalmente temos que desprazarnos á Biblioteca Concepción Arenal. Para solucionar este problema tamén podería ser utilizada unha aula do segundo piso, habitualmente inutilizadas.

[Campaña de sinaturas para a melloras do material da facultade.\(Anexo 1\)](#)

16. Instalación dun panel electrónico á entrada. Disto tamén dispoñen outras facultades. Con el os estudantes e outras persoas da facultade tamén teriamos a oportunidade de nos informar das actividades que se van desenvolver na mesma.

[Campaña de sinaturas para a melloras do material da facultade.\(Anexo 1\)](#)

17. Mantemento dunha regra xeral de convalidación para os alumnos procedentes doutras carreiras sen se produciren trocos dun ano para outro. Estas mudanzas restan estabilidade á carreira e fan que diminúan as posibilidades de que os alumnos doutras facultades se plantexen a posibilidade de nun futuro pasarse de outra carreira para a nosa.

[Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas \(Anexo 2\)](#)

18. Que a facultade proporcione horarios xa elaborados por cursos que se poidan recoller na fotocopiadora. Así o alumnado poderá ter dende un principio a planificación de clases, exames, etc. de todo o curso sen necesidade de ter que buscar en Internet.

[Pediuse, pero non foi posibel chegar a un acordo coa imprenta.](#)

19. Maior flexibilidade das optativas da carreira no referente ó seu horario. Moitas veces estas optativas non se poden coller por coincidiren con outras asignaturas obrigatorias na hora en que son impartidas. Este feito mingua sensiblemente a liberdade de elección do estudantado, polo que consideramos que debe ser abolido.

Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas (Anexo 2)

20. Que os profesores se centren máis no programa que se propón ca en outros aspectos. Así os programas deben ser cumpridos e non seren desprezados durante o curso.

Parte da actividade de control dos dereitos do estudiantado pola asesoría xurídica.

21. Asignaturas de idiomas técnicos coma optativas. Consideramos necesaria pór a inclusión no plano de estudos de idiomas técnicos como asignaturas optativas.

Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas (Anexo 2)

- No Claustro da Universidade:

1. Modificación da libre configuración para que realmente cumpra a súa función de complementación á formación dos estudantes.

Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas (Anexo 2)

2. Maior implicación dos coordinadores de Séneca/Erasmus na axuda ós estudantes que conseguiron o traslado a outras universidades.

Non foi ata o momento abordada

3. Prolongación do horario de peche da Biblioteca Concepción Arenal con máis antelación ás datas dos exames. Así os estudantes terían máis doada a preparación das materias.
4. A redución dos prezos da Escola de Linguas Modernas da USC. Consideramos abusivo o prezo da matrícula deste centro, polo que esiximos que teña unhas taxas razoables.

Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas (Anexo 2)

- Noutro ámbitos:

1. Tarxeta que permita o estacionamento de xeito gratuíto dos estudantes durante as horas de clase.

Presentación dunha instancia colectiva ante o Concello de Santiago de Compostela (Anexo 3)

2. Avogaremos pola redución das coutas do SUR. Estas especialmente nos últimos anos acostuman a ser desorbitadas en comparación cos servizos que se ofertan.

Non foi ata o momento abordada

3. Convalidación das especialidades da carreira. Así se se cursan as asignaturas de dúas ou tres polas de Ciencias Políticas no título deberían aparecer todas e non unha soa. Así todo o estudado sería recoñecido como tal.

Campaña de sinaturas para melloras docentes/académicas (Anexo 2)

Con isto a Asemblea cumpliu o 93% do recollido no documento “Propostas da Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas para o curso 2006/2007”.

5. Varios:

- Propoñer en Asemblea crear xa unha comisión negociadora ante a posibel presentación dun candidat@ a decan@ alternativo á oficial